

E & M DISEÑO



"A experiencia previa no sector é moi importante."

Eva María Varela Fernández / Manuela López Fernández

Datos básicos

Actividade:	Confección téxtil
Sector de actividade	Fabricación de produtos diversos
Nº empregados	4
Inversión inicial	36.000 €
Financiamento inicial:	Ademais das aportacións das socias, o proxecto financiose mediante préstamos bancarios e a través da concesión dalgunha subvención.
Web:	
Municipio:	Lugo, Lugo
Ano creación:	2005

Descrición do proxecto

A nosa empresa baséase practicamente na confección de roupa a medida. Aínda que a confección do noso produto caracterízase por ter un gran valor engadido. Trátase dunha confección exclusiva, os produtos son orixinais e personalizados. Ademais están confeccionados con tecidos de primeira calidade, normalmente son tecidos italianos e franceses. Antes de confeccionar un modelo, analizamos e estudamos ao cliente en función do seu estilo e anatomía co fin de atopar e realizar un modelo que resulte feminino, agradable e adecuado.

Os nosos principais produtos son roupa de festa e celebracións, sobre todo vestidos e traxes de noivas e madriñas. Aínda que tamén realizamos traxes para nenos de primeiras comunións e de arras.

Tamén confeccionamos artigos de peletería, calquera tipo de peza, aínda que predominan as de pelo máis que as de napa.



Datos empresa

Claves do éxito

A principal clave de éxito está en realizar un bo traballo. Por outra banda, dedicarnos ao que nos gusta animounos a seguir nos momentos difíciles. Outro factor moi importante é a falta de competencia na zona.

Situación actual

A situación actual é boa, máis ou menos igual que nos inicios do proxecto. Sempre se conseguen novos clientes, sobre todo a través do boca oído, porque os nosos clientes recoméndonos aos seus familiares ou ás súas amizades. Na nosa actividade o mes de novembro non é moi bo.

Perfil cliente

Os principais clientes son as noivas e as madriñas. Aínda que en xeral confeccionamos para mulleres de todas as idades, e tamén para nenos e nenas de primeira comunión ou de arras.



Idea inicial

Traballabamos cun deseñador nunha empresa téxtil, a cal por diversos motivos tivo que pechar. Nos decidimos continuar traballando en aquilo que máis nos gustaba e que mellor sabiamos facer, polo que creamos un negocio similar. Tivemos a sorte de poder manter a clientela da anterior empresa. Ademais, no noso caso, o boca oído, propiciado pola satisfacción dos nosos clientes funcionou como a mellor forma de promoción do negocio.

Principales dificultades y amenazas futuras

As principais dificultades e ameazas son os problemas burocráticos, o papeleo, os temas de licenzas e permisos, os requisitos que se deben cumprir e a normativa en xeral.

Perfil promotores

Ambas estudaron deseño e patronaxe. Ademais de aportar unha experiencia no sector téxtil iniciada cando tiñan 17 anos. As súas familias tamén traballaban no sector téxtil, desde nenas recordan ás súas nais e avoas traballando na casa como costureiras.

Aptitudes necesarias

Ter información do que vas facer.
Cando inicias unha actividade empresarial é necesario coñecer o sector no que te vas a implantar, é moi importante ter traballado antes no mesmo porque che proporciona un maior coñecemento e información do mesmo.
Ser valente.



Guía de Actividad

Sector textil (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

Dedicarme ao que me gusta
O reto que supón
Saír do desemprego

A independencia que proporciona
Demostrar aos demais as miñas capacidades
Ser o meu propio xefe

Formación

¿Recibi información específica sobre a creación de empresas?

Sí, o curso de xestión empresarial de USO (Unión Social Obrera)

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Nunca está de máis aínda que sempre buscas quen te asesore.

Anecdótico

Os clientes traen as fotos das súas celebracións e eventos para ensinar os éxitos acadados e o ben que saíu todo.

